

RESOLUCIÓN DO 31 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE MODIFICAN AS BASES DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 26 DE XANEIRO DE 2026 PARA A COBERTURA DEFINITIVA DE DOUS POSTOS DE ANALISTA DE LABORATORIO EXISTENTES NO CADRO DE PERSOAL LABORAL, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E CAMBIO DE CATEGORÍA, E POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA.

No DOG núm. 22 de 3 de febreiro de 2026 publicouse o anuncio do 26 de xaneiro de 2026 polo que se fai pública a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva de dous postos de analista de laboratorio existentes no cadro de persoal laboral do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (en diante Intecmar), pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, e pola quenda de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición.

As bases do proceso selectivo publicáronse na páxina web do Intecmar (<http://www.intecmar.gal/transparencia/Convocatorias/Default.aspx>) e o prazo de presentación de solicitudes era de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

A base 2.1.2 da quenda de promoción interna e cambio de categoría e a base 2.2.3 na quenda de acceso libre, establecían en canto a titulación requirida o seguinte:

Titulación requirida: Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, do título de Técnico/a superior en laboratorio de análise e control de calidade / Técnico/a superior en química industrial / Técnico/a superior en química e saúde ambiental / ou



titulación equivalente. A efectos desta convocatoria, o termo titulación equivalente entenderase referido exclusivamente as titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados as sucesivas reformas educativas, substitúen as titulacións extinguidas."

Actualmente, o Intecmar atópase en proceso de transformación en Axencia pública autonómica, e unha vez finalizada esta transformación, todos os postos de analistas de laboratorio serán considerados como funcionarizables, por este motivo e á vista das alegacións recibidas, parece aconsellable que a titulación de acceso que se exixa sexa a contemplada na Disposición adicional novena punto 4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia para a Escala técnica de análises de laboratorio (Subgrupo C1) que é o Título de técnico/a na rama de sanidade, de química ou marítimo-pesqueira. Por este motivo, procede a modificación das bases da convocatoria efectuada, unicamente no referido á base 2.1.2 e 2.2.3, relativas á titulación exixida para a participación no referido proceso. Como consecuencia desta modificación, é preciso a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes para aquelas persoas que se podan ver afectadas por esta modificación.

Por todo o exposto, e de acordo coas facultades conferidas pola Lei 3/2004, do 7 de xuño, pola que se crea o Intecmar,

RESOLVO:

1. Modificar a base 2.1.2 e 2.2.3 da convocatoria do proceso selectivo, de xeito que quedan redactadas nos seguintes termos:



“Titulación requirida: Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, do título de Técnico na rama de sanidade, Técnico na rama de química ou Técnico na rama marítimo-pesqueira, así como titulacións equivalentes. A efectos desta convocatoria, o termo titulación equivalente entenderase referido exclusivamente as titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados as sucesivas reformas educativas, substitúen as titulacións extinguidas. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea”

2. Ábrese un novo prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación desta modificación no Diario Oficial de Galicia e nos taboleiros de anuncios e na web de Intecmar. Este prazo non é de aplicación para aquelas persoas que xa figuran como admitidas no proceso selectivo, que continuarán figurando coma tales e non será necesario que presenten nova solicitude de participación. Tampouco para aqueles aspirantes que resultasen excluídos do proceso por motivo da titulación, aos que se lle valorará de novo a titulación achegada, sen necesidade de nova solicitude de participación.

3. Manter inalterables todos os demais aspectos recollidos na Resolución do 26 de xaneiro de 2026 da directora do Intecmar pola que se publica a convocatoria do proceso selectivo e se publican as bases da convocatoria, e conservar todos os actos ditados no procedemento que non se vexan



afectados por esta modificación, particularmente o relativo á composición do tribunal e os ditados por este aos que non lle afecta a modificación.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a presidencia do consello de administración de Intecmar de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Intecmar e no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vilaxoán, 31 de marzo de 2026

M^a Covadonga Salgado Blanco

Directora do Intecmar

